


BILARDA

C.E.I.P. de Monforte (Colexio Novo)

Maio 2010



UXÍO NOVONEYRA: LETRAS GALEGAS 2010

EDITORIAL

Un ano máis a Billarda volta a estar entre todos nós. Isto é posible grazas ao esforzo de toda a comunidade educativa do noso colexio, comezando por Alejandro, pasando por todos os pais e nais dos nosos alumnos /as e tamén, como non podía ser doutro xeito, polos profesores e profesoras que formamos o claustro do Colexio. Tamén as cociñeiras e nais colaboradoras no comedor escolar.

Entendemos que a colaboración, sendo imprescindible para a realización de calquera tarefa, é, as veces, difícil de acadar, sobre todo, cando se trata dun traballo colectivo como é este que require, sen dúbida, un esforzo maior. Se de algo podemos presumir neste colexio é da vontade de colaboración entre os distintos membros que formamos parte desta Comunidade Educativa .

Todos os membros da Comunidade están sempre dispostos para axudar aos demais en todo aquilo para o que os requiren. A boa relación existente entre todos nós é un punto de partida para acadar as nosas metas; educar para a sociedade en valores , atendendo á formación integral dos nosos alumnos e alumnas.

A Billarda é unha pequena mostra entre a variedade de actividades que entre todos levamos a cabo. Sentímonos orgullosos dela porque facémola con moito esforzo e agarimo e, aínda que, con algúns fallos (que sen dúbida os temos) o agarimo que os nosos alumnos /as poñen nos traballos que para a revista fan, recompénsanos con moito os fallos que poida ter.

A Billarda naceu	É labor de todos e todas
Cando este cole se creou	O sabela conservar
E, dende entón, ata agora	Para que o vindeiro curso
Connosco se quedou.	Connosco volva estar.

Desde o Equipo de Normalización Lingüística: Moitas grazas a todos e todas pola vosa desinteresada colaboración e... ata o vindeiro curso!

SUMARIO

Editorial	2
A.N.P.A.	3
Letras Galegas.....	4
Pequenos escritores.....	10
Do you speak english?	27
Monforte	28
Aconteceu	32
Investigado	45
Bos consellos	55
Divertíndonos	58
Homenaxe a	60



Edita: CEIP de Monforte (COlexio Novo)
 Imprime: Imprenta Fénix
 Depósito Legal: LU-498-99

A.N.P.A A LAGOA

Un ano máis á hora de saír ao público un novo número da revista do CEIP de Monforte de Lemos, queremos como asociación de Nais e Pais agradecer a todos a súa cooperación e axuda.

A actual directiva aproveita para despedirse posto que no presente curso remata a súa andaina. Así mesmo desde aquí pide a colaboración de todos para que presente ao longo do mes de maio a súa candidatura para levar a cabo novos proxectos, comprometéndonos a axudarlles do mesmo xeito que fixeron con nós.

Para concluír facemos un pequeno resumo da nosa experiencia que foi moi positiva; sempre tivemos colaboradores e seremos


exemplo para seguir colaborando.


- ◆ Sempre contamos coa axuda do profesorado e persoal do centro, aos que tamén lla brindamos dentro das nosas posibilidades.

- ◆ Sempre traballamos para intentar conseguir o mellor, tanto en actividades extraescolares como en festas para os nosos fillos e fillas e para toda a comunidade educativa.

- ◆ Sempre tratamos de defender os intereses do centro, de mellorar as súas infraestruturas como asociación que somos.

Finalmente dar as grazas a todos por ternos dado o apoio que necesitabamos.





Uxío Novoneyra nace en 1930 en Parada de Moreda, unha aldea da Serra do Courel

(Lugo), no seo dunha familia labrega acomodada. Só ocasionalmente o poeta abandonou a montaña que se converteu na auténtica protagonista da súa obra.

Medra nunha época convulsa, desde os primeiros anos da infancia, durante a Segunda República e a guerra civil, ata os primeiros anos da adolescencia, durante os anos máis represivos da posguerra e coa Segunda Guerra Mundial de fondo.

Inmerso nun ambiente triste, Novoneyra preséntanos unha poesía paisaxística case máxica, pincelada de trazos heroicos e combativos, e mesmo amorosos, diferente en cada época biográfica e histórica.

PRIMEIRA ESTADÍA MADRILEÑA (1949 – 1951)

Cando Uxío Novoneyra chega a Madrid por primeira vez corre o ano 1949. Alí, tan lonxe da súa montaña, ao tempo que cursa como ouvinte os estudos de Filosofía e Letras, tamén se formará de xeito autodidáctico, sobre todo a partir da lectura de existencialistas como Jean Paul Sartre, da poesía das vangardas e da poesía oriental e negra. Serán as súas principais influencias nesta primeira experiencia madrileña, mais pervivirán ao longo de toda a súa obra.

O seu regreso en 1952 a Compostela, para cumprir o servizo militar, vai ser determinante na formación ideolóxica

do poeta, pois entrará en contacto cos tres piares do galeguismo: Otero Pedrayo, o pintor Carlos Maside e o intelectual Ramón Piñeiro.

1955: OS EIDOS, TRIUNFO DO PAISAXISMO

Aínda que o paisaxismo lugués estaba tradicionalmente consolidado na literatura galega, a visión que Novoneyra presenta da Serra do Courel transcende os límites da pura contemplación para se converter nun auténtico autorretrato do poeta. A montaña, protagonista absoluta de *Os eidos*, é, na realidade, a alma de Novoneyra.

Hai algo de máxico, ou de relixioso, neste contacto coa natureza e na aceptación da harmonía universal que fai os poemas de Novoneyra seren pezas singulares, ben diferentes daquel paisaxismo tradicional.

SEGUNDA ESTADÍA MADRILEÑA (1962-1966)

Cando en 1962 Novoneyra regresa a Madrid para traballar como xornalista establecerá contacto co grupo intelectual Brais Pinto, fundado nesta cidade por Xosé Luís Méndez Ferrín e Bernardino Graña, entre outros. A relación con este grupo materializaríase, na obra de Novoneyra, na fusión da literatura coa pintura.

A PINTURA NAS PALABRAS

Na obra poética de Uxío Novoneyra predomina unha estética de ruptura e de intersección -fusión- da pintura coa escrita. As súas composicións parecen deseñadas e, algunhas, incluso pintadas a cores. O sentido visual, o cromatismo, os xogos de luces e sombras, de claros e escuros, conducen sempre á descrición da montaña e, por ende, do poeta, nunha construción, quizais inconsciente, do seu propio autorretrato literario.

A descrición complétase cun léxico de extraordinaria riqueza. O afán do poeta por nomear cada accidente xeográfico, cada recuncho, cada lugar da súa serra, cos vocábulos propios desta área dialectal, completa a obsesión de Novoneyra por pintar nos seus poemas anacos da terra amada.

Ademais, o propio Novoneyra ensaiou unha faceta paralela, practicamente descoñecida para o público, como artista plástico, que se materializou, sobre todo, nunha serie de grabados, como o que aparece representado nesta imaxe.



NA PROCURA DA ELEMENTALIDADE

Os versos de Novoneyra son sintéticos e a súa mensaxe, esencial e imprescindíbel. A pesar da súa aparencia breve, os símbolos, polivalentes, mergullan ao lector nunha profundidade complexa chea de segredos por descubrir.

POÉTICA DO SILENCIO

O silencio é tan importante como a palabra e o único recurso para a aproximación ao inefábel. O silencio, en Novoneyra, fala e ocupa un lugar na páxina, precisamente pola súa importancia.

Ademais de ocos entre as palabras, que ás veces semellan aboiar, náufragas, no brancor da folla, o silencio márcase a miúdo con puntos suspensivos, especialmente ao final dalgún poema, para definir aínda máis o contraste entre a palabra e a nada.

O mutismo final, ademais, pode aparecer combinado co simbolismo gráfico ou baixo a forma de estrofas de puntos.

ANOS 70: UN CAMBIO DE RUMBO

Xa desde mediados da década de 1960, o réxime franquista mostrara certo aperturismo e diminución da censura. Isto permitiu que a partir dese momento se encontrasen en Novoneyra versos moi comprometidos –igual que na maior parte dos seus compañeiros de xeración–, nados ao abeiro do grupo Brais Pinto. Tamén comezou ensaiar unha corrente existencialista, que deu lugar a composicións de carácter profundamente intimistas. A identidade persoal, a soidade humana, a angustia existencial e outros tópicos universais encherán estes versos, mais non apagarán a forza da montaña.

Baixo estas novas feitura aparecen publicados dous poemarios nesta década: *Os eidos 2* (1974), que inclúe fasquías do socialrealismo e do existencialismo, e os *Poemas caligráficos* (1979), onde, por primeira vez, as palabras estarán enmarcadas en ilustracións de Laxeiro e de Reimundo Patiño.

ANOS COMPOSTELÁNS DE AMOR E MORTE

En 1980, Novoneyra instálase en Compostela, onde viviu xa ata a súa morte. Durante ese tempo exerceu a presidencia da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Lonxe da súa montaña natal, dá por concluído o ciclo poético a que consagrara a maior parte dos seus versos, que recollerá nun poemario recopilatorio titulado *Os eidos. Libro do Courel* (1981). Porén, a serra do Courel nunca desaparece totalmente.

Consagra agora a súa escrita ao sentimento amoroso –sempre Elba–, con poemarios como *Muller pra lonxe* e *Poemas da doada certeza i este brillo entre as pálpebras* (1994), e á literatura infantil, con relatos rebordantes de poesía e ambientados na xeografía, tan máxica, da serra courelá.

En 1999 o outono deixa Galiza sen un dos seus máis persoais poetas e, o Courel, sen o seu pintor. Na contemplación da serra sempre permanecerá viva a súa memoria.

RESUMO DAS OBRAS

Os eidos (1955) : Poemas, Vigo: Galaxia, 1955

Elegía del Caurel y otros poemas (1966)

Poemas Madrid Rialp,col, Adonais, 1966 (Inclúe versión galega e castelá).

Os Eidos 2, Letanía de Galicia e outros poemas (1974). Poemas Vigo: Galaxia, 1974.

Poemas Caligráficos, Vietnam canto (1979).

Poemas Marid: Brais Pinto, Col. Cuaderno de Gadaña, 1979

Os eidos, Libro do Courel (1981)

Poemas Libro do Courel. Vigo: xerais, col. Grandes Mestres, 1981 (Terceira edición: 1987).

Muller pra lonxe (1987)

Poemas Deputación de Lugo, Col. Gran Lugo de Nebra 1986.

Bazterrak Os Eidos (1987) : Poemas.

Do Courel a Compostela: 1956-86 (1988).

Poemas Barcelona: Sotelo Blanco, col. Vento que zoa, 1988.

O cubil de Xabarín (1990). CONTOS Zaragoza: Edelvives, col. Ala delta 1990.

Os eidos (1990).

Poemas Edición de Claudio Rodríguez Fer. E Carmen Blanco. Vigo: Xerais, col. Biblioteca das Letras Galegas, 1990.

Tempo de elexía (1991) :Poemas A Coruña: Vía Láctea, clo. Merlín e familia. 1991.

Gorgorín e Cabezón CONTOS Zaragoza: Edelvives, col. Ala Delta, 1992.

Poema da doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras (1994)

A Coruña: Espiral Maior, 1994.

Ilda o obo, o corzo e o xabarín (1998)

CONTOS: Zaragoza: Edelvives, col. Ala delta, 1998.

Dos soños teimosos (1998) ENSAIO

Onde só queda alguén para aguantar dos nomes (1999)

Libro de rotas Ámeto mítico. A Coruña: Hércules. 1999

Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas (!1999)

Libro de rotas Ámeto mítico. A Coruña: Hércules. 1999

LETANÍA DE GALICIA

GALICIA digo eu / ún di *GALICIA*
 GALICIA decimos todos *GALICIA*
 hastr'os que calan din *GALICIA*
 e saben sabemos
 GALICIA da door chora *á forza*
 GALICIA da tristura triste *á forza*
 GALICIA do silencio calada *á forza*
 GALICIA da fame emigrante *á forza*
 GALICIA vendada cega *á forza*
 GALICIA tapeada xorda *á forza*
 GALICIA atrelada queda *á forza*
 libre pra servir *libre pra servir*
 libre pra non ser *libre pra non ser*
 libre pra morrer *libre pra morrer*
 libre pra fuxir *libre pra fuxir*
 GALICIA labrega *GALICIA nosa*
 GALICIA mariñeira *GALICIA nosa*
 GALICIA obreira *GALICIA nosa*
 GALICIA irmandiña
 GALICIA viva inda
 recóllote da TERRA *estás mui fonda*
 recóllote do PUEBLO *estás n'il toda*
 recóllote da HISTORIA *estás borrosa*
 recóllote i érgote no verbo enteiro
 no verbo verdadeiro que fala o pueblo
 recóllote pros novos que vein con forza
 pros que inda non marcou a malla d'argola
 pros que saben que ti podes ser outra cousa
 pros que saben que o home pode ser outra cousa
sabemos que ti podes ser outra cousa
sabemos que o home pode ser outra cousa.

FONTES DO CERVO

Augas Brancas da Rogueira!
 Bouzas pechas d,uces e xestas!
 Abrairas teixos faias xardois e
 reboleiras!
 Outo bosco calado!
 Fontiñas do corzo!
 Carrozos picafondo!
 Non hai outro templo mais vas-
 to
 Nin outro credo
 Que este silencio...
Uxío Novoneyra "Os Eidos"

*" Terra de Caurel, áspera
 e forte, de inxente beleza..Terra
 brava de lobos e aguias; terra outa
 de fragas e devesas "*



Pero eu prero o do país, coma o
 xamón:

*" Bidueiros cimeiros!
 Pena das Augas!
 Barbas do mofo
 Rebolos tocos faias derrubadas.
 Camiño da Veneira!
 Carreiro dos dez regueiros!
 Cereixas de carnabudo! abrotias
 abrairas
 pincheiras e pincheiras!
 Eiqui sempre foi bosque....
 Ruxir solo
 da fonte do corzo!
 Barbas do mofo
 Pintando dos toros"
*Uxío Novoneyra "Os Eidos"**

MOSTRA DE POEMAS
 DE NOVONEYRA

Letras Galegas no noso CEIR

PARROQUIA: Seoane



Na parte alta da vila está emprazada a igrexa de Seoane, a que se acede por unha escalinata de pedra. Moi austeramente, de pranta rectangular, con teito cuberto a tres augas na entrada e catro no presbiterio e un campanario de espadana con dúas campás.



Nesta lugar naceu en xaneiro de 1930 o poeta Uxío Novoneyra, na Casa do Crego; onde viviu ata o ano 1945. Entre 1953 e 1962 regresou a Parada para recuperarse dunha enfermidade e falece en 1967.




PARROQUIA: Seoane - LUGAR: Parada



Esta Capela adicada a San Román arópase ao final da finca da Casa do Crego que pertencou a familia de Uxío Novoneyra. Posúe un retablo de San Vicente e nela celebran os lugareños a súa festa o 26 de setembro en honra ao seu patrón.

LETRAS GALEGAS




O Día das Letras Galegas é una celebración instituída en 1963 pola Real Academia Galega para homenaxear a aquelas persoas que destacaron pola súa creación literaria en lingua galega ou pola súa defensa de dita lingua. Cada ano dedícase a unha persoa distinta, escollida pola Real Academia Galega, tendo en conta que se esixe que polo menos pasasen 10 anos desde o seu falecemento.

O Día das Letras Galegas celébranse o 17 de maio, xa que ese mesmo día en 1863, publicouse o primeiro exemplar da obra "Cantares Galegos" de Rosalía de Castro.

Este ano dedícase a "Uxío Novoneyra, que nace no Courel en 1930, e falece en 1999 en Santiago de Compostela. Foi poeta e escritor de contos infantís tanto en castelán como en galego.

Henar González 6º A



Letras Galegas
2010

Uxío Novoneyra naceu no Courel o 19 de xaneiro de 1930, e morreu en Santiago o 30 de outubro de 1991.



Escribiu poesías e contos tanto en galego como en castelán. Foi presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega.



Felipe José de Brito Rivera

Alexandro Dacosta Nrias

O ARCO DA VELLA 1ª

O arco da vella
 no ceo subido
 co seu colorín
 co seu colorido.
 O arco da vella
 mo ceo chantado
 co seu colorín
 co seu colorado.
 O arco da vella
 é un arco triunfal
 con sete quovreiros
 que a ninguén fan mal.
 O arco da vella
 con sete cores
 que teñen no ceo
 beleza de flores.
 O arco da vella
 de luz feita é.

HUGO LEIRE
 (Sabela)

Fernando
 Breixo


Juan
 Angel
 Lucia


Martin

Iago Ana
 Iker

Adrian
 Andrea
 Iván

Belén
 GABRIEL





1º B Cansado do lobo!

cansado do lobo!

Caboccos do xaberrín!

Eidos solos

onde ninguén foi nin ha d' ir!

o lobo! é lombo os ollos!
Baixa o lobo pola olla do boxco

movendo nas gairas do tetter

* Ruxinda no folia do concaveiros

en busca de ragoada máis sola e máis medosa

Rastreira

nárase e venta

finca a peita ergue a testa e sila

ca noite no lobo...



UXIO NOVONEYRA

"Amiñá nai"

Eu teño unha nai
que é a mellor
por iso a quero tanto
co meu corazón.
Dame a comida
quero un montón
mimame as veces
co seu corazón.
Mamá preferida
quero moito
por eso serás
a mellor do mundo
¡Besinhos mamá!

CARLA

2ºB

POESÍA

Na primavera florecen as
árbores, as plantas e os animais
espertan do inverno.

Coa súa alegría
saen do súa casita
e as flores lle sirven
de comida.


Os días son longos,
as noites pequenas,
e case non dicen
que o verán está cerca
Mirar pola fiestra,
ver todo florido
e sintes...
o corazón enchido.

PABLO

2ºB

A XIRAFAS

Erase unha xirafa que non tiña amigas,
porque lles decía cousas feas. Estón un día houbo un incendio e
tímotea correu e quedouse atrapada nun buraco.



Bedín axuda e ningúnha lla deu, ata que acercáronse uns
chimpancés e salvárona. Finalmente foi a xunta das amigas e
pedíulles, perdón e axudáulles moito no que podían.

QUE INSULTABO

Sara Blanco Rodríguez 3ºA



O sol arriba
as nubes abaixo
e no medio do trigo
un espanta-paxaros.

O sol arriba
o mar abaixo
e no medio do mar
un barco.



A neve, o frío
e no medio o río.

LUIS 2º B

Poesía

Os teus ollos son estrelas
Nunha noite escura
Iluminando o camiño do mar.
Mais cando a noite
Está iluminada
a xente comeza a espertar.
Ti es unha estrela máis
do escuro ceo da noite.



Andrea Pallín 6º B

UMA LATA DE



Érase unha lata de tomate que saíu dunha fábrica, crachérona de tomate, e levárona para un supermercado. Dalí pasou a unha coxina e estaba moi contentax máis tímida ao rizo, e uns gabs xogaron con ela e converteírona nunha pelota, logo abandonárona e colleura un rapazinho que a usou como bote, outra vez aldan dourou e levouna xórn que a usou de maleta. Cando a planta ki grande a súa imá usou de cubilete, abríuse e tirou as coltas amelas dumiú, e esperou de



Cbudia C. 3^aA

OSO ANCIÁ

Este era un oso que estaba enfadado e gruñía con animais. Os animais reuníronse e decidiron falar con el para averiguar que lle pasaba. Ao final descubríron que o oso que actuaba así porque ia vello e non se ben.





Así que decidíron darlle compasión e coñice para que non gruñies tanto
Diego Casar Rodríguez 3^aA



HISTORIA DE DRACOLINO

Érase unha vez un dragón chamado Dracolino. Un día estaba voando cos seus pais. Edixo que quería aprender a botar lume pola boca. Intestouna na rúa e saíulle unha especie de arubís. Todos ríronse dele e díxolle aos seus pais que lle ensinaran a botar lume pola boca. Non aprendeu a botala, pero foi moi lo cantante.



Anxo 3^aA


A SERPE DO CASTRO DA TROCA

Contan que algún tempo atrás había no monte do Castro da Troca unha serpe que baixaba á Terna chá e roubaba ós nenos para comelos. Os veciños puxéronse de acordo e para evitar esta crueldade e salvar ós nenos (que eran os seus fillos) leváñballe todas as semanas unha besta ou unha ovelha ó monte. Como a xente era pobre, non se podía permitir perder todas as semanas parte do seu gando, ademais a serpe que xa devorara máis dun cativo ía ir a polos outros, así os veciños decidiron acabar con ela. Como a serpe era enorme, os veciños decidiron arxallar un plan.

O plan consistía en chear un boi con oxillos de lá; isto deixaría a serpe media "aparranada" e pegariánlle con paos.

Así foi, a serpente comeu o boi e os veciños mataron a serpe a paos.

Adrián Cortiñas 6º A



POESÍA SOBRE O COLEXIO

Neste colexio tan fermoso
moitas cousas aprendín
coñecín a moitos nenos
e a moitos mestres e por iso sigo
aquí.

Eu cheguei moi pequeniña
e moita atención recibín
dos profesores do colexio
a todos doulle grazas mil.

Tiven alegrías e desgustos
pero púdenos superar
e aprendín que ter problemas
non impide estudar.

Non sei como agradecer vos
nenos e nenas da miña clase
por estar sempre comigo
e por sempre apoiarme.

Pero tēñolle moito agarimo
a unha persoa especial
que como todas sempre me
axuda
e a debo felicitar.

Moitas grazas Rocío
por axudarme sen cesar
por rifarme e felicitar-me.
Miña familia en débeda contigo está.


Leidy 6º A

A CLASE DE 6º B

Na nosa clase somos 25, contando á profesora, na clase a profesora comportase moi ben con nós, ela ensínanos: matemáticas, Lingua Castelá, Lingua Galega, Coñecemento do Medio e Cidadanía. Ademais temos unha profesora de Inglés chamada Loli, un profesor de Música chamado Xosé Antonio, unha profesora de relixión chamada Sol e a profesora de Educación Física chamada Natalia

Facemos traballos sobre as bandeiras, o euro, ...e agora planeamos a excursión de fin de curso, e tamén ás escolas viaxeiras. Todos e todas esperamos con impaciencia que cheguen. Antonieta explícanos todo, e se non o entendemos volve a explicalo ata que o entendamos, é moi boa, aínda que de cando en vez nos rifa por portarnos mal, sempre lemos os traballos que facemos. Agora estamos facendo un mural e está quedando moi bonito. Na clase temos un mural do día da Paz, tres rodas de alimentación, catro estantes, tres mapas de Europa, un mapa do mundo, un mural das circunferencias, unha escala sobre países de Europa, un ordenador, dúas pizarras de xiz, dúas pizarras de bolígrafo, un mural das bandeiras de Europa, un globo terráqueo, dúas papeleiras, dúas plantas pequenas e tres colgadores.

RUBÉN RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ



OS ÚLTIMOS NOVE ANOS

Os últimos nove anos paseinos aquí, no Colexio Novo. Estiven desde primeiro de infantil ata 6º. Paseino moi ben e coñecín moitos amigos.

Neste colexio, celebramos todas as festas como: Nadal, Magosto, Letras Galegas, Día do Libro As miñas

titoras foron: Luísa, Lurdes, Pilar, e Antonieta. María, Mercedes e Natalia de Ximnasia, Loli e Aurora as de Inglés, e Antonieta e José Antonio, de música.



Durante estes anos aprendín as cores, a sumar, a multiplicar, a ler, e outras moitas cousas que antes me parecían moi difíciles e agora co paso do tempo, son moi sinxelas.

Durante estes anos fun a diversas actividades volleybal, ximnasia rítmica, teatro. Tiven moitas amigas, algunhas fóronse, e outras coas que empecei en 3 anos sigo tendo moi boa relación.

Cando entrei no colexio, os de 6º semellaban moi maiores e agora que son eu, penso que aqueles non eran en realidade tan grandes como pensaba.

Voume moi contenta. Do que mellor me acordo e da obra de teatro en 5º curso que fixemos entre: Antía, Zaida, Rubén, Samanta, Ana e eu; foi unha experiencia rara e divertida.

Botarei en falta o colexio porque nove anos son moitos, pero o tempo pasouseme voando; o mellor colexio ao que puiden ir sen dúbida é este.

Nerea López Rúa 6ºB

DE CAMIÑO A SANTIAGO

Unha mañá sentinme animado
E decidín facer o Camiño de Santiago.


No meu pobo do Cebreiro
Atópase o primeiro letreiro.

Eu camiñei e camiñei
E un albergue atopei.

Un peregrino unha cuncha atopou
E a cuncha a Santiago levou.

Teño que selar a credencial
Ata que chegue á Catedral.

E cando a Santiago cheguei
Un bico ao Santo dei!!!!



Autores:

Tatiana Lantigua Pérez

Melisa Martínez Bello

Peter Manuel Méndez Aguas

Oscar Vilariño Santos 6ºB



Este é o meu pobo e está no Caurel (Ferreiros de Arriba)

Anacos

Manuel María escribiu moitos poemas adicados a paxaros.

Velaí van:

Daniel Bernárdez
2ªA

Mouro coma a noite
é o señor Corvo.
¡Máis mouro que a noite
o seu berra torvo!

Marcos García
2ªA

O pardal é moi humilde.
Moi humilde e pobretón.
¡Sempre anda púa, púa
sen dicir unha conción!

Carla Álvarez 2ªA

Andoriñas en concellos,
sobre dun poste pousadas.
¡Que de palabras secretas
e razóns apaixonadas!

Cristian Campillos
2ªA

Está a pega volla,
como unha señora,
riba dun ramallo
cantando a deshora.


Daniel Enrique 2ªA

O señor Merlo larpieiro
na pomba máis alta está.
¡Está subido á cerdeira
e, dela, non baixará!

Roberto Álvarez 2ªA

Lanta o ovo ou cala o ovo,
eu en ti xa non che creo
desde sei que vas poñer
o teu ovo en nido aldo.

Alor Álvarez González



A clase de 3ºB

Sabrina vai de primeira

mira que é zolameira.

Maria, "que ben deluxa"

pintounos na cara unha bruxa.

Victor que moito fala

ata que a profe se enfada.

Álvaro que é coma o vento

móvese ata co pensamento.

Tania disfruta o paisaxe

e que vai moito de viaxe.

Noutra fila Carmen senta

e ten que estar moi atenta.

Miriam está moi concentrada

hoje non falou nada.

Alexponse diante

sempre tan elegante.


Daniel con cara de pullo

sorrie pero non fai ruido.

Que ocupado está Manuel

séntase detrás del.

Máis lonxe vero a Lucía



contenta está todo o día

Adrián leva o balón

sempre ata o pavillón.

Antonio é futbolista

parece o amo da pista.

Celia disfruta tamén

xoga a fútbol moi ben

Samuel se quere xogar

non se pode relaxar

Roberto parece enfadado

hoje está moi calado.

Eo derradeiro é Joel

que non me esquero "del"

(3ºB)

POEMA DO BERRO DE XARDÍN



Teño un berro de xardín.
Só para min.
Teño un berro de xardín
para unha ensalada
nesta noite de treboada.

Teño un berro de xardín,
gústame só para min,
ten follas verdes
e teme aos vermes.

Na miña clase hai
un berro de xardín
gústame moito a min.
Algún día comereino
e chegará ao seu fin.

Teño un berro de xardín
que lle gusta o Samaín.
Cada día medra máis
ninguén se esquece de regar xamais.

O noso berro de xardín,
medra, medra sen fin.
O noso berro de xardín,
medra moi ben
e fermoso tamén é.

Sara Moya, Olalla, Ana, Sandra, Lucas
4ºA

A PAZ

Á paz faremoslle un agasallo,
Ser todos iguais, ser todos irmáns.
Ao mundo faremoslle un favor:
facer reflexións sobre a paz,
As novas xeracións.
E así asegurar un futuro pacífico.
Entre todas as nacións.
Valentina González 6ºB



PRIMAVERA

Dona primavera
De mans gloriosas
Fai que pola vida
Derramemos rosas.

Rosas de alegría
Rosas de perdón
Rosas de cariño
E rosas de canción
Ana Díaz 6º A



PAZ

Paz, amor e liberdade
Para a xente sen maldade
Paz e alegría
Para a xente que sorría.
Ana Díaz 6º A



NATUREZA

Nas árbores do horto
Hai un reiseñor;
Canta de noite e de día
Canta á lúa e ao sol
Ana Díaz 6º A

NAMORADA

A única cousa que quero es ti
A única cousa que quero e espero de
Ti, é a túa voz.
Ti es o home que fixo de min
Unha muller sen nome
E non podo imaxinar a miña vida sen ti
Amor.
Quérote.
Agárdote.
Síntote.
Ámote e por ti escribiría día e noite
E se che apetece agasállote con flores.

6ºB Lucia Rodríguez Figueiras.

Está planta chámase Galoxia nel vive un Galamán moi bo de 10 anos, é Floopy.



Cando Floopy chega ao coleponse contento porque hai un novo novo.



FERNANDA 5ºA



As aventuras de Pedro e a víbora que se escapou do zoo.



By: Rubén Rodríguez Rodríguez
 Jacobo Ojeda Castro


6º B

Entrevista a María Xesús



- Como se chama?
- María Xesús.
- Canto tempo hai que traballa no noso centro?
- Un ano e medio.
- Que outros oficios desempeñou antes diste?
- Na Xunta de limpeza, e en hostalería.
- Custoulle moito adaptarse a un comedor infantil?
- Non, referente ao traballo pero si á cantidade de comida.
- Quen son máis esixentes, os maiores ou os nenos pequenos referíndose á comida?
- Os maiores.
- Como é un día normal no seu traballo?
- Empezamos as dez da mañá, traballamos depende do menú ou o volume de traballo debido á cantidade de nenos.
- Gústalle traballar no noso colexio?
- Si, gústame moito.
- Dígame unha cousa boa e outra mala do seu traballo?
- Os nenos que me felicitan, encántame, pero non hai nada que non me guste.
- Como é o ambiente cos profesores e coas axudantes de cociña?cos profesores ben,e coas axudantes formamos un bo equipo.
- Cando chega a casa cociña para a súa familia?
- Si, pero somos poucos na casa.
- Gustaríalle engadir algunha cousa para rematar?
- Si, gústame o que fago pero encantaríame facer un menú máis elaborado, pero non podo porque hai moitos nenos.

Sergio Campillos e Ana Verao 6º B



Adiviñas

Cuns zapatos grandes e a cara moi pintada eu son o que fai sur a toda a chiquillada.




Viven nunha montaña que ten moitos buratiños e traballan noite e día para encher a súa despensa.



Eu frito, eu tosta e na cocina teño o meu posto.



MARÍA, XAVIER,
SANDRA



2ºB

Ole mal pero o seu sabor gusta a todos. ¿Que é?
(O porco)

VÍCTOR 4ºA



Choco me chama de nome, late o meu corazón, se queres que non o diga, adivinao.

EMILIO 4ºA



Unha señorita moi aseñorada, sempre vai en coche e sempre vai mollada. Quén é?



EMILIO 4ºA

Alto estou, cor de ouro teño, por unha risada perdo costa teño. (o olivizo das castañas).

XAN 4ºA



Chistes

CHISTES

Mamá, mamá, no cole chá -
manne mentiroso.
- ¡Cálate fillo, se tu non vas
ao cole!

Esto é un español e un inglés
que van en avión. Como levan
a porta aberta o inglés cae e
dice: - ¡Help, help!
Mais como o español non en-
tendía o seu lingua xe díxo-
lle: Xel non teño é valeche
xampui?



- Ola, ¿como te chamas?
- Iguana
- ¿Eti?
- Iguanito ca ti.

Brais, Uxía, Iago 2º B



Uns chisteciños para ser un pouco ...

Chega Pedrino a casa escondendo os ratos detrás da
espalda. Dille un bolgrafo ao seu pai e dille:
- Pai, sabes firmar con ollos pechados? ...

- Mãe, haxe non quero ir á escola ...
- Que che pasa, fillo?
- Pois mira, primeiro, teño sono; segundo alúxame; terceiro,
xíame de min ...
- Sabes o que che digo? Que tes que ir. Primeiro
porque é a túa obrigaçión; segundo, porque na das
trinta e cinco anos, e terceiro, porque so o director!!!

RING!!!

- Está Agustín?
- Non, estou incomodín ...



Sergio Guistián - 6º A

O xastre e os ladróns

Estaba un zapateiro que lle debía dous reais a un xastre, que non paraba de pedirlos, pero aquel nunca se daba por enterado. Nestas, morreu o zapateiro e, como era costume, levárono para a igrexa. Ata alí foi o xastre, sentou a carón do cadáver e dicíalle:

- ¡A ver cando me devolves os cartos!

De alí a un rato, deulle sono, e tumbouse ao lado do cadaleito a durmir. Por alí pasaban uns ladróns que acababan de roubar e decidiran repartir os cartos na igrexa; cando estaban repartindo, espertou o xastre e díxolle ao zapateiro:

- ¡A ver cando me devolves os cartos!

Os ladróns pensaron que era o morto quen falaba e botaron a correr deixando alí o botín. O xastre ao ver os cartos dixo:

- Mira se valeu a pena pedir, debíame dous reais e deixáchesme rico.

Ana Verao Gómez 6º B

Ditos e refráns

Tronos, fadas e demais familia

Entre lóstregos e tronos,
no medio da treboada,
saen os tronos e as fadas
que viven dentro da fraga.



O non non, cascarrón
o teu pai vai no carbón
e a tía mai e unha bolbora
tina que non che quere
dar a tetina.

LIDIA 2º B



Métense nas nosas casas
cambiam as cousas de sitio
facendo falcatrucadas
con engados e feitizos.



E cando chega o día
deixan todo ordenado
abandonan as nosas vidas
e escóndense no faiado.



Casa comigo, Rosiña,
mira que son cacharreira
durmirás en boa cama
e sempre terás dixeira

IRIA 2º



Cousas de fadas e tronos
que son o mesmo díaño
nunca nos deixan tranquilos
pero non fan ningún dano.



Sara M.P 4ºa

Entre Marzo ventoso e
e Abril chuvioso
sacan a Maio
florido e fermoso.



ANIBAL

2º B



Arts and Crafts

Stick puppets

What do we want to make?

Look at the puppet and describe what you see. You are going to make something similar.

What do we need?



Look carefully at the materials you will need to make Stick puppets.

You will need:

paper

A pencil.

Felt-tip pens.

Scissors.

Card.

Poster paints.

A paint brush.

Containers for water.

glue.

A stick from a shoe box.

Yarn.

How are we going to make it?

Look carefully at my puppet and listen to the instructions:

1-Cut out the outlines

2-Draw two faces.

3-Draw clothes for the puppet.

4- Glue pieces of glossy art paper to dress the figures.

5-Decorate the puppet, and glue wool on for the hair.

6- Glue the two shapes together with the stick in the middle.

Look at our beautiful stick puppets!



O Castelo de Monforte de Lemos

O Castelo de Monforte de Lemos atópase situado nun pequeno cerro no val de Lemos, ao sur da provincia de Lugo. Por esta zona discorre o cauce do río Cabe.

O Castelo foi construído no século XIII e serviu de residencia para moitas familias nobres, polo que se conservaba en bo estado.

A súa muralla, aislaba a poboación dos ataques exteriores pero aínda así, sufriu o ataque dos irlandeses e destruído. Máis tarde, estes foron os encargados de reconstruílo.

Tamén sufriu un incendio no ano 1672 que provocou grandes danos nas súas estruturas. Foi restaurado uns anos despois.

Destaca a muralla coas súas torres e as súas dúas portas:

a porta da Alcazaba e a Porta Nova. Pero o que mellor se conserva do castelo é a Torre da Homenaxe, que ten un museo con mobles da época: arcóns, mesas, armarios, cadeiras...

Desde esta torre divisáanse unas maravillosas vistas de todo o val.

Ana Gómez 6ºA

A BRUXA DE MONFORTE


Hai moitos anos, cara o século XVIII vivía en Monforte, na rúa Teceláns, antigo camiño das bruxas, unha muller que dicía ter poderes.

Todo comezou cando algunhas persoas que se levaban mal con ela comezaron a ter mal sorte. Pero, un día decidiron vixiala e viron como botaba un “mal de ollo” a un inimigo seu. Aquel día descubriron o porqué de tan mala sorte e prepararon un plan para acabar con ela definitivamente.

O plan consistía en que agardarían na antiga praza do Azougue, agora denominada Praza de España; alí prenderían unha fogueira e queimaríana.

E así foi, puxérona viva na fogueira onde morreu e a partir daquel día non houbo máis bruxería en Monforte.

Iván 6ºA



SAN BRAIS

Festividade: 3 de febreiro




Bispo da cidade de Armenia de Sebaste que morreu mártir co corpo lacerado por peites de ferro dos empregados para cardar.

Parece ser que foi médico. Un dos seus milagres consistía en salvar a un rapaz que se atragoara cunha espiña e San Brais sálvouno tocándolle a gorxa con dúas velas en forma de cruz de San Andrés. Por iso se lle invoca nos males da gorxa (“¡San Brais bendito, que se afoga este anxiño!”) e se considera o patrón dos que padecen males da

gorxa e dos larinxólogos.

En Monforte, tódolos días 3 de febreiro se venera a San Brais na igrexa de San Vicente. Os devotos soben a San Vicente, participan nos actos relixiosos e levan roscas para bendicir; existe a tradición de pasar as cintas nas que se colgan as roscas polo Santo, pois din que estas cintas colgadas do pescozo protexen dos males da gorxa.

CRISTO XACENTE GREGORIO FERNÁNDEZ. S.XVII

Obra: Figura xacente de Cristo morto en urna procesional.
(unha das mellores obras do xenial escultor)

Autor: Gregorio Fernández

Escultor galego nado en Sarria no 1576 pero afincado en Valladolid. Un dos máximos representantes da escultura barroca en España e o máximo representante da escola de Valladolid. Destaca sobre todo, polo seu dominio da escultura relixiosa en madeira policromada.

Data: En torno ao ano 1610, por encargo do Duque de Lerma para a súa filla dona Catalina.

Localización: Museo de Arte Sacro (Mosteiro MM. Clarisas), Monforte de Lemos.

Comentario: Obra realizada nunha soa peza de madeira policromada, incluso o pano de pureza. Representa a Cristo morto sobre un sudario, amosando de forma moi realista a dor e o sufrimento no corpo e face de Cristo, grazas ao emprego dunha policromía con cores sobrias, para evitar a distracción dos fieis, e ao engadido dalgúns postizos: dentes de marfil, ollos de cristal e unllas de asta. A todo elo hai que sumar o minucioso estudo anatómico do corpo.

Ata non fai moito este Cristo xacente, na súa urna procesional, era un dos pasos de Semana Santa que percorrían as rúas de Monforte. Na actualidade, a imaxe do Cristo xacente que sae en procesión, non é obra de Gregorio Fernández.

A lenda da mouza

Unha pequena de Galman (A Palma da Brallón) que ía a escola a A Breña, un día de volta para a súa casa, no lugar Val das Donas, atopouse cunha señora que estaba tomando o sol. Esta ao ver á nena pediulle que lle catase as piellas, causa que ela fixo de boa gana. A señora para agradecerlle deu-lle tres escanias que lle envolven no mandil, advertíndalle que non as mirase ata chegar a casa. A nena cheo de curiosidade quixo saber que era e ao ver que eran escanias tirou con elas, sen decatarse de que lle quedara unha no mandil, que lle caeu ao chegar a casa. A súa nai ao ver aquilo preguntoulle

quen llo dera e ela díxolle que fora unha señora que estaba tomando o sol no Val das Donas que lle dera tres escanias, das que dúas as tirara no camiño que estaba cheo de pedras. Ti que fixeches miña nena? Iso era ouro! Volve a buscalas! - lle dixo a nai.

Dí a lenda que saísen á procura delas pero non as atoparon.


Olalla López Castro 4ºA



Pegramas

Nos pfaestes mouza
 uvas xunto ao camiño
 porque todo o que pase
 contará un recimo.

Sara Lamas 4ºA



A todo porco
 chégalle o seu
 San Martiño

6º DE EDUCACIÓN INFANTIL

TRABALLANDO A PSICOMOTRICIDADE COS XOGOS POPULARES.

O xogo é unha actividade inherente á vida do neno, mentres xoga desenvolve a súa personalidade, a súa intelixencia e estimula o seu crecemento físico.

O xogo popular é unha actividade lúdica, presente en todas as culturas e que se transmite de xeración en xeración e na que todos e todas poden participar.

Coa participación no xogo, os nenos e nenas facilitan e estimulan a súa socialización. Desenrolan a linguaxe, xa que as normas do xogo xeralmente son verbais. Fomentan a solidariedade e a cooperación.

A nivel psicomotriz fomentan a coordinación dinámica xeral, xa que os xogos permiten que o neno/nena teña mobilidade en todas as partes do seu corpo; o control postural, a inhibición de movementos (O agocho inglés); a coordinación viso/manual e a lateralidade (As zapatillas); a conduta respiratoria, a orientación espacial e temporal (tan importantes a estas idades), As cadeiras, as catro esquinas; o ritmo xa que coas cancións que acompañan á maioría dos xogos, os nenos/as traballan a súa capacidade rítmica (Antón pirulero); a expresión lóxico-matemática (O pano); as figuras xeométricas (As rodas, Cruzando o río); as relacións cos outros (O Lazarillo, Rato e gato, Todos/as ao banco).



XOGOS

O agocho inglés.

Como o grupo da clase non é numeroso (15 alumnos), neste xogo participamos todos/as. Elíxese un neno/nena que é o/a que apanda e os demais téñense que mover cando non os vexan, e dicir: "un, dous, tres agocho inglés". Perde o que vexan moverse. Con este xogo traballamos especialmente o equilibrio.

Antón pirulero.

Consiste nun xogo de imitación. Cada neno/nena deberá facer o que faga o/a que dirixe o xogo. Con este xogo traballamos principalmente o ritmo.

As cadeiras, As catro esquinas.

O xogo das cadeiras consiste en colocar as cadeiras formando un círculo e sempre unha cadeira menos que nenos hai. Consiste en correr ,e ao sinal que fai o mestre/a ,sentarse, sempre perderá o neno, a que non colla cadeira baleira, e así ata que non queden cadeiras.



O xogo das catro esquinas é unha variante do anterior, consiste en poñer

catro cadeiras formando un cadrado e catro nenos/as sentados un en cada unha , hai outro neno/na no centro ,que cando os outros intercambian posicións debe correr a ocupar unha das cadeiras.

Estes xogos favorecen a cooperación , a velocidade de reacción e a orientación espacial e temporal.

**O pano.**

Cos nenos e nenas colocados formando un círculo hai un/unha deles que debe correr ó redor do círculo e tirar ó chan detrás dun/ dunha deles/ o pano e votar a correr ata que o/a que ten o pano na man o colla

Podemos traballar a expresión lóxico-matemática e espacial:
c o r t o , l o n g o , l o n x e ,

cerca, diante, detrás, etc.

As rodas, Cruzando o río.

Co xogo das rodas participan todos e todas. Consiste en divertirse xuntos e cooperar co grupo. Teñen que tirar pelotas a unha roda e procurar metelas dentro.

O xogo de cruzando o río consiste en ir poñendo cousas no chan facendo como unha ponte para atravesar un espazo sen poñer os pes no chan. Faise por grupos e cada membro do grupo debe aportar ideas para que o seu grupo cruce o antes posible; hai que manter o equilibrio á ida(cargados co material) e a volta(buscando novo material).

O Lazarillo. Rato e gato. Todos/as ó banco.

O Lazarillo trátase dun xogo de confianza, onde un lazarillo debe levar a un invidente a un lugar previamente establecido. Trabállase a integración dos nenos/as e a confianza nos demais, tamén a comprensión das persoas con capacidades diferentes. Farase por parellas. É moi gratificante ver os nenos/as explicarlles o seu invidente o que ten que facer o por onde debe ir.

O xogo do rato e o gato consiste en correr ó ritmo da canción “Rato que te pilla o



gato, rato que.....” e os nenos e nenas animan ao rato a fuxir do gato. Xogo de cooperación.

Todos/as ao banco consiste en subirse todos/as nun espazo moi pequeno, por exemplo un banco sueco e aguantar sen caerse. Debe vixiarse o xogo para que ningún alumno se manque. Favorece a coordina-

ción de movementos e a cooperación, o cercamento e o contacto ao grupo.

As zapatillas

Consiste en colocar as zapatillas dos nenos/as de forma amontoada no medio da aula e deberanse ordenar en ringleira e emparelladas. Faise en grupos de catro e gaña o grupo que empregue menos tempo en poñelas en orde. Con este xogo estanse a traballar conceptos como tamaños, cores, formas, velocidade de reacción e desprazamento.



O XADREZ

O xadrez é un xogo entre dúas persoas. Cada un ten 16 pezas; as dun xogador son de cor claro (brancas) e as outras son escuras (negras). As pezas móvense sobre un taboleiro cadrado, dividido en casiñas. Comeza a partida o xogador que ten as pezas brancas.

Unha xogada que ataca ao rei chámase *jaque*; se non hai defensa posible contra un jaque, ou se non ten lugar dispoñible para moverse, o rei que o recibe está en *jaque mate*. O xogador que da jaque mate ao rei contrario gaña a partida. Tamén remata a partida cando un xogador decide renderse ou abandonar. Pode rematar en táboas ou empate cando non é posible a vitoria para ningún xogador.

O vindeiro 12 de xuño celebrárase en Monforte o II Torneo de xadrez escolar. O ano pasado celebrouse no Parque dos Condes e participamos varios nenos e nenas do Colexio Novo co club Benfeita. Neste club tamén hai nenos doutros colexios de Monforte. O noso profesor é Roberto.



Estivo no torneo Iván Salgado, que é de Ourense, ten 18 anos e actualmente é o subcampeón do mundo xuvenil. Xogou varias partidas simultáneas contra nenos e adultos.

CATEGORIA SUB-8 (PREBENXAMIN): participaron Víctor, Iago e Gabriel. O mellor clasificado foi meu irmán Víctor, quedando no posto 11 da xeral e foi o mellor xogador de Monforte na súa categoría.

CATEGORIA SUB-10 (BENXAMIN): participaron Juan, Iago, Miguel Anxo, Eva, Alexia, Sandra e Sabela. O mellor clasificado foi Juan Rodríguez, no posto 12.

CATEGORIA SUB-12 (ALEVÍN): participamos Gerardo máis eu. Quedei segundo de Monforte na miña categoría, no posto 31 da xeral.



LUIS RODRÍGUEZ (6º B)

EXCURSIÓN ÁS MÉDULAS

O día 14 de abril os alumnos de 5º e máis un curso de 3º de Primaria do CEIP de Monforte fixemos unha fermosa excursión ás Médulas. Saímos ás 9:30 da mañá dende a estación do tren de Monforte e esperábanos unha hora e media de viaxe . Cando chegamos á estación no Barco de Valdeorras, collemos un autobús que nos levaría ao noso destino . Cando nos baixamos do autobús estábannos esperando dous monitores que nos explicaron



onde estabamos situados e tamén un pouco a historia do lugar. Logo camiñamos ata unha especie de oficina onde ensinaronnos un vídeo sobre como os romanos rompían a montaña para extraer o ouro e mandalo a Roma.



As Médulas , situadas preto da aldea homónima, no concello de Carucedo, comarca do Bierzo na provincia de León foi unha antiga explotación romana de ouro a ceo aberto, e forma hoxe unha paisaxe espectacular no que antano fora o monte *Medilium*, con areas encarnadas, castiñeiros e carballos verdes. Foi declarada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO en 1997.

Segundo o relato de Plinio o Vello, quen na súa mocidade foi administrador das minas, extraíanse cada ano 20.000 libras de ouro, empregando 60.000 escravos, que en 250 anos de explotación deron 5.000.000 de libras . Segundo os datos do profesor arqueólogo Antonio García Bellido, as terras removidas acadaron os 500 millóns de metros cubicos, o que cun rendemento medio de 3 g/tonelada de terra implica uns 1.500.000 kg de mineral.

Método de extracción

Usábase o chamado *ruina montium*, consistente na captación da auga existente por medio de canles, almacenándoa en depósitos para utilizala despois. É un sistema espectacular pola cantidade de auga usada, pola lonxitude e as ramificacións das súas canles. Hoxe coñécese todo o trazado, e pódese visitar en parte, aínda que é imprescindible un guía e un casco .

Unha das moitas captacións era na vertente noreste do monte Teleno. No pico, a unha altura de 2.000 m, acumulábase a neve que, derretida, chegaba ó río Cabo (afluente do Cabreira). Este río alimentaba as 7 canles que, bordeando a montaña, chegaban aos estanques. As canles podían ter unha lonxitude de 300 km cunha pendente entre 0,6 % e 1%. O ancho era de 1,28 m, excepto nas curvas, nas que acadaba 1,60. O alto, 90 cm. En lugares, a canle entra baixo as penas como túnel. A construción das canles foi a parte máis difícil e custosa da explotación.



A auga chegaba aos depósitos escavados no terreo, e a terra amoreábase arredor, formando taludes. Tiñan comportas para facer a distribución hídrica. E así era como os romanos facían que a montaña explotase. Algunhas canles subsisten hoxe en día como camiños, podéndose percorrer con guías.



Este traballo de enxeñaría e a posterior extracción de ouro supuxo un atentado contra o medio ambiente na época, mais non se ten constancia de que nese momento teña sido visto como tal.

Cando rematamos de ver o vídeo, fomos paseando por un carreiro para ver as canles que aínda se conservan. Lástima que só as podemos ver por fóra, xa que as fortes chuvias deste ano causaron algún desprendementos.

Ao rematar a visita, comemos nun antigo lavadoiro e despois de xogar un pouco baixamos andando uns 4 quilómetros ata o lago Carucedo. Foi unha caminata longa pero fermosa atravesando un bosque con castiñeiros, piñeiros, lavanda...

O Lago de Carucedo encóntrase a 6 Km das Mèdulas, na parte máis occidental da comarca do Bierzo, ao Oeste da provincia de León, na comunidade autónoma de Castela-León. Destaca entre os lagos de barreira ou aluvionamento pola súa singular formación debido as excavacións romanas das Mèdulas.

Aquí, no lago Carucedo merendamos e a continuación a viaxe de volta. Primeiro no autobús e logo no Barco volvemos coller o mesmo tren ata Monforte . A verdade é que chegamos cansos, pero moi contentos e dispostos a volver repetir

ALUMNOS E ALUMNAS DE 5º A

SEMANA SANTA

Encántame a Semana Santa e para min é Santa porque descánsase una semana de todo iso que non nos gusta facer moito.

Eu en Semana Santa fun tres días a Sarria para entrenar, fun o luns e o martes pola mañá e o venres desde as dez e media ata as seis. O venres cando acabei de entrenar fun a casa da miña avoa para estar cos meus curmáns. Estiven en Ourense ata o domingo.

O domingo, o meu padriño, en vez de agasallarme un ovo agasalloume una casa de chocolate, e a miña tía ao meu irmán un balón de fútbol tamén de chocolate.

6^B ANTÍA VERAO



DÍA DA PAZ

Os nenos/as de 2^ªA fixémos unha homenaxe a Kofi Annan que naceu en Ghana, foi Secretario Xeral da O.N.U e recibiu o Nobel da Paz en 2001 por traballar para lograr un mundo mellor.

Geuri Francisco

2^ªA



Isobel García Sánchez
2^ªA

Este ano celebramos o Entróido dunha forma diferente porque queríamos facer algo para protexer o noso "hábitat" non contaminando con bolsas de plástico nin gastando tanto papel ¡víñamos disfrazados de casa con roupas doutros anos! Nos outros íamos de "personaxes dos contos" ¡Estabamos quapúsimas!
Alejandro da Silva 2^ªA

OS MENOS E NENAS DE CATRO ANOS

Esta é a nosa e estos de aquí



NELA PASAMOS MOITO TEMPO E REALIZAMOS MOITAS TAREFAS E ACTIVIDADES, CELEBRAMOS ANIVERSARIOS; SOMOS PINTORES, CANTANTES, BAILARÍNS...

¡¡¡TAMÉN XOGAMOS!!!



ESTE ANO ESTAMOS MOI CONCIENCIADOS NO COIDADO E REPETO DA NATUREZA POR ISO VOLVEMOS A COLABORAR CO EQUIPO DE VOZ NATURA. PLANTAMOS UNHA ÁRBORE NO XARDÍN, DIVERSAS PLANTAS E ARBUSTOS NUN TESTO XIGANTE E UNHA FRESA E UNHA "ALBAHACA" PARA TER NA AULA E COIDAR TODOS OS DÍAS. GRAZAS A ISTO APRENDEMOS MOITAS COUSAS:



1. **QUE AS PLANTAS SEN AUGA E SEN LUZ NON MEDRAN. E CON MOITA AUGA PODEN MORRER.**
2. **QUE SE A TERRA É RUÍN... MALO, MALO.**
3. **QUE SE PLANTAMOS SOAMENTE UNHA FRESA PARA TODOS IMOS PASAR MOITA FAME.**
4. **QUE A "ALBAHACA" ULE BEN E EMPRÉGASE PARA MOITAS COUSAS.**
5. **SABEMOS SUXEITAR OS TRONCOS DAS ÁRBORES E PORNOS Á SOMBRA.**
6. **SE NON HAI ÁRBORES... CONTRUÍMOLAS NÓS, AÍNDA QUE SEXAN DE CARTÓN.**



ADEMAIS DE TODO O MENCIONADO, GÚSTANOS CELEBRAR TODAS AS FESTAS (O MAGOSTO, O NADAL, O DÍA DA PAZ, O ENTROIDO, O DÍA DAS LETRAS GALEGAS...), VISITAR SITIOS, ASISTIR A CONTACONTOS E TÍTERES, E POR SUPOSTO XOGAR, XOGAR E XOGAR QUE PARA ISO SOMOS NEN@S.



Continuará . . .

APRENDEDO A COMPORATARSE

Chegado xa o último ano de estancia no Colexio Novo aos alumnos de 6ª pareceunos oportuno dar un repaso ás normas de comportamento no comedor formando parte do “Programa de Educación para a cidadanía”; así cando cheguemos ao instituto, teremos superada una etapa da nosa educación que non está escrita nos libros, pero que é importante para andar pola vida.

Comezamos elaborando unas normas de boa educación na mesa. A continuación fixemos una roda de alimentos para comprender que hai que comer de todos os nutrientes aínda que sexa un pouco cada día.

Elaboramos uns manteliños individuais con debuxos alusivos ao xantar, con frases como: “Bo proveito”, “boa larpeirada”, ... Para encher de ledicia as nosas mesas.

E, por último, fomos un día poñer en práctica as nosas ensinanzas, visitando o comedor, escoitando una charla da profesora encargada e practicando individualmente a arte de “poñer a mesa”.

Non descartamos visitar o Parador de Monforte de Lemos para aprender as normas de protocolo en restauración.

**BOA EDUCACIÓN NO COMEDOR**

Lavar e desinfectar as mans antes de comer.

Sentar ben

Non empezar a comer si falta algún comensal.

Pedir “por favor” e dar as “grazas”.

Non poñer os cúbados na mesa.

Utilizar correctamente os cubertos para comer.

Levar o cuberto a boca e non ao revés.

Limpar a boca antes de beber.


Procurar comer de todo.

Non falar coa boca chea.

Non facer ruído na mastigación.

Falar en voz baixiña.

Non tirar migas de pan nin polo chan, nin pola mesa.



COIDAMOS O NOSO CONTORNO

No presente curso 2009-2010, continuamos coa nosa participación no programa de Educación Ambiental Voz Natura; o noso ánimo é seguir desenvolvendo o proxecto de recuperación de espazos degradados do centro e tamén coa iniciativa dun pequeno horto de plantas aromáticas e hortalizas. Neste proxecto está implicada toda a comunidade educativa: alumnado, mestres e pais.



Limpar, podar e coidar os xeranos que nos da todos os outonos o Concello é unha tarefa que xa podamos facer sós.

O traballo comeza nas aulas, implicando aos alumnos e alumnas na importancia das plantas, tanto na alimentación como na saúde e na conservación- recuperación do noso entorno. Concienciándonos da repercusión das nosas accións no medio, chegaremos á meta do proxecto: necesidade de coidar e protexer a natureza.

Elaboramos unhas unidades didácticas, sobre os beneficios das hortalizas na nosa dieta diaria e das plantas como remedios naturais.



Continuamos coa reciclaxe de papel, cambiando as caixas deterioradas por outras novas nas que poñeremos, sobre o papel azul, o lema: "Coidamos o noso contorno", coa pegatina VOZ NATURA. Tamén comezamos unha recollida de pilas e cartuchos de tinta utilizados, así como o proxecto proposto por Voz Natura de recollida de CDs.

Dende o comedor escolar tamén se está a fomentar a importancia e necesidade tanto da reciclaxe e separación de lixo coma o uso responsable do papel e plásticos para preservar o planeta. Temos colectores pequenos para botar axeitadamente papel, envases de iogur, botellas de plástico,...que logo os mesmos nenos/as se encargan de levar aos contedores correspondentes.

Polo Nadal, fixemos o Belén reciclando cartón e restos de roupa da casa. Pidiuse a colaboración de pais/nais para que lles axudasen a vestir o seu boneco.



Este curso para festexar o Entroido, o centro decidiu que os nenos /nenas viñeran disfrazados da casa como forma de concienciarlos do tempo que tarda un plástico en degradarse e o uso abusivo que estamos a facer do papel.

Recollemos sementes para plantar no noso xardín (algunhas delas foron plantadas nas aulas para que os nenos viran todo o proceso de xerminación) e o profesorado aportou escallos; asemade contamos coa colaboración de pais e nais.

Chegado o momento, por grupos e cursos organizamos o momento da plantación. Farémolo por pequenas zonas segundo o tipo de plantas.

Como o curso anterior, o concello de Monforte de Lemos, mandounos plantas de ornamentación para que as coidáramos e puidéramos aproveitalas para o proxecto. Os pequenos foron os encargados de transplantalas; mantémolas na entrada do centro e/ou nas clases durante os meses de inverno. Eles foron os responsables do seu coidado ata que as plantaron no patio do recinto escolar.



Tamén se aproveitaron catro xardineiras grandes agasalladas polo Concello para ornamentar o patio do centro. Os alumnos agrupados por ciclos (unha xardineira para infantil, 1º ciclo, 2º ciclo e 3º ciclo) encargáronse de arraxalas: imprimación, pintalas, plantación nelas (salvia medicinal, tomillo, romeu, lavanda, juníperos, pito esporum, rododendro, cotoneaster horizontais, potinias red robin, enonibus e ceanothus punget blue) seguindo a recomendación de expertos á hora de combinalas.

Para festexar o Día da árbore cada curso, un total de quince, plantou o seu despois de reflexionar sobre a importancia deles no medio ambiente. As variedades que se plantaron son: loureiro real, pito esporum (folla de cristal), escalonia, loureiro romano e mardoño.

O tempo de invernía e chuvia excesiva retrasou considerablemente os traballos de preparación da zona destinada ao horto escolar polo que as plantas seguen nos sementeiros e transplantarémolas nestes días.

Renovamos o panel expositor da entrada do colexio, onde puxemos toda a información relacionada con Voz Natura así como traballos que os nenos fixeron nas aulas. Tamén colgamos na web do centro: <http://centros.edu.xunta.es/ceipdemonforte/> todo o material axeitado para este medio.

Sinalar que a nosa participación no proxecto foi moi gratificante polo traballo participativo e responsable vinculado á natureza, a pesares de que o tempo non axudou a que poidamos ver os resultados ata un pouco máis tarde do que sería desexable. Por outro lado, destacar que a dotación económica resulta insuficiente, xa que o centro tivo que cubrir moitos dos gastos do proxecto (plantas de xardín, ...) pero seguiremos moi interesados na continuación para o curso que vén.





A *melamorfosi* da *bolboretta*

<p>1º</p> <p>Bolboretta poñendo os ovos</p>	<p>3º</p> <p>Os vermes fabrican o casulo con seda</p>
<p>2º</p> <p>Dos ovos saen os vermes</p>	<p>4º</p> <p>Do casulo sae a bolboretta</p>

Carla Díaz 2ºA

O MEU TATARAVÓ

Eu non cheguei a coñecelo pero a miña tataravoa contoume que el era moi Valente, que pola súa valentía gañou una medalla de honor.pero custoulle a vida na segunda Guerra Mundial.



Sergi Campillos 6ºB

Este ano o molo cucú moi cedo ¡Xa chegara a primavera!
 Este pillabán de proxaro nin fai niño nin incuba. Pon os ovos en niño alleo.
 A femia tira os ovos do outro proxaro para que, aos once días, naza a cría de cuco que como come máis, tira os outros ovos para que non nazan e así lle chegue a comida.

“Es un cuco” significa que se é moi espabilado.
 Irabel García
 2ºA




FAUNA EN Galicia:

A fauna da costa galega, podemos atopar golfinhos; ou peixes como a sardiña, a pescada ou o xurelo; e animais invertebrados como polbos, neónoras, mexillóns, etc. Na costa viven numerosas aves acuáticas, como a galeota e corvos mariñeiros.



A fauna nas montañas de Galicia podemos atopar aves como perdices, azores e pitas do monte; mamíferos, como lobos, raposas, corzos e xabarús; réptiles, como lagartos e lagartixas; e insectos variados, como a urcafeura, o grilo etc.




A fauna do interior de Galicia destacan, entre outros, as aves, como os Gaviláns, falcons, paporróivos, pagas e rulas. Os mamíferos como coellos, raposas, lobos e xabarús. Nos ríos e lagoas e en encostas atopamos aves acuáticas, como parrulos, garzas e lavandeiros; peixes como tróitas, salmóns e larpeas; mamíferos, como a londra; e anfíbios, como os sapos.



Alicia Depona Pérez. FIN

INFLUENZAS DAS FASES DA LÚA NO CRECEMENTO DAS PLANTAS



LUA NOVA

PRÁCTICAS RECOMENDABLES

- Podar árbores e plantas enfermas.

É unha fase excelente para controlar as pragas.

PRÁCTICAS NON RECOMENDADAS

Non se recomenda realizar procesos de semente nin de xerminación, xa que as plantas se desenvolven lentamente.

Non se recomenda transplantar nesta fase.

LÚA CRECENTE

A savia ascende e proporciona vigor, crecemento e maduración.

PRÁCTICAS RECOMENDABLES

As sementes de plantas nesta fase proporcionara plantas frondosas, fortes e xugosas.

Recoméndase colleitar plantas medicinais e aromáticas.

PRÁCTICAS NON RECOMENDABLES

Non se recomenda abonar nesta fase nin tampouco podar.

LÚA CHEA

Nesta fase hai un gran poder xerminativo e de crecemento.

PRÁCTICAS FAVORABLES

O mellor período de semente está nos tres días anteriores á lúa chea ata o cuarto día despois. Recoméndase non sementar o día de lúa chea. Esta fase é ideal para realizar labores de fertilización

PRÁCTICAS NON RECOMENDADAS

Non é conveniente traballar a terra nesta fase nin podar, cavar ou regar.

LÚA MINGUANTE

Esta é unha das mellores fases para facer a maioría das labores agrícolas.



PRÁCTICAS RECOMENDABLES É bo momento para fertilizar e regar as plantas, para podar e para cortar madeira de todo tipo.

PRÁCTICAS NON RECOMENDABLES Non se recomenda sementar, xa que nin a folla nin a raíz son órganos beneficiados nesta fase.

Os Nenos e nenas de 4º B unha tarde pensaron no medo. Despois de moito pensar, plantexáronse una pequena enquisa entre eles e responderon a estas preguntas, respostas que gustosamente vos ofrecen a todos os lectores/as da nosa Billarda.



Que é o medo?

- Unha sensación de anguria motivada por un perigo real ou imaxinario.- Luis.
- O que xoga con cousas tebrosas para asustarnos.- Daniel.
- Una sensación de inseguridade fronte a algo que che poida pasar.- Ainara.
- O temor das persoas a algo. Carlos.
- O medo é unha imaxinación ou un pensamento.- Micaela.
- O medo é o temor que temos a algo.- Sandra Rodríguez.
- O medo é unha moura ou unha sombra.- Adrián.
- O medo é suspender un exame.- Montse
- O medo é un pozo escuro, ou un touro negro.- Aida.
- O medo é o que fai que nos quedemos paralizados por algo que tememos moito.- Eva.
- O medo é a sensación que sentes ao pensar que estás en perigo.- Juan.
- O medo é un sentimento de terror.- Yanil.
- O medo é un sentimento de inseguridade.- Iria.
- O medo é o temor dos seres vivos.- Sandra Suárez.
- O medo é o temor dunha persoa a alguén ou algo.- Raquel.
- O medo é o lado escuro dunha persoa.- Manuel.
- O medo é o temor ou inseguridade que sentimos dentro de nós.- Sara.
- O medo é un sentimento de temor que nolo fai pasar mal.- Paula.



De onde ven o medo?

- O medo ven dos escritores de libros de medo.- Luis.
- Da escuridade do noso interior.- Daniel.
- Das películas de terror ou dun espazo maligno.- Ainara.
- Do inferno.- Carlos
- Dos nosos pesadelos.- Micaela.
- Da imaxinación e dos pensamentos.- Sandra Rodríguez.
- Da temor da nosa mente.- Adrián.
- Da nosa mente.- Montse.
- Dun camiño escuro ao que tememos.- Aida.
- Dun lobo ou dunha noite escura.- Eva.
- Dos vagabundos.- Juan.
- Da nosa imaxinación.- Yanil.
- Da escuridade, dos animais soltos e dos tronos.- Iria
- Da miña mente e dos contos que leo.- J. Suárez.
- Dunha pantasma.- Raquel.
- Dunha fraga pola noite ou dun exame.- Manuel.
- Dun pensamento.- Sara.
- Das cousas as que lle tes medo. Paula.





Con quen xoga o medo?

- O medo xoga coas bruxas e cos demos.- Luis.
- Cos pesadelos.- Daniel.
- Coa miña imaxinación.- Ainara.
- Coa boa xente.- Carlos.
- Con nós e coa escuridade.- Micaela.
- Cos lobos.- Sandra.
- Con nós e coa nosa sombra.- Adrián.
- Cos meus pensamentos.- Montse.
- Cos meniños e cos febles.- Aida.
- Coas nosa mentiras e coas nosas notas.- Eva.
- Coas cousas que facemos mal.- Juan.
- Coa xente insegura.- Yanil.
- Co demo e con nós cando o pasamos mal.- Iria.
- Co meu corpo e coa escuridade J. Suñer.
- Cos deportistas cando xogan.- Raquel.
- Coa fantasía e cos temores.- Manuel.
- Cunha noite escura chea de vampiros.- Sara.
- Xoga cos nenos nun exame.- Paula.

**Que se pode facer para non ter medo?**

- A mellor forma de combater o medo é contar esas cousas que nos dan anguria e compartilas cos nosos.- Luis.
- Poñer un cazapesadelos e durmir pensando en cousas bonitas.- Daniel.
- Cerrar as portas da túa casa e durmir coa túa nai.- Ainara.
- Para non ter medo o mellor ¡divertirse!.- Carlos.
- Para non ter medo, pensar en cousas fermosas.- Micaela.
- Ao medo: Plantarlle cara! Sandra R.
- Para non ter medo, abrazarse a un amigo.- Adrián.
- Ler un libro divertido.- Montse.
- Pechar as portas negras da miña imaxinación.- Aida.
- Xogar cos amigos para non ter tempo de xogar co medo.- Eva.
- Facer un amigo cunha fregona, un sombreiro, uns zapatos e uns pantalóns.- Juan.
- Pensar nunha canción que che mole.- Yanil.
- Acender a luz e estar tranquilo.- Iris.
- Pensar en cousas chulis.- Sandra Suñer.
- Agocharse debaixo das sabas.- Raquel.
- Abrazarse á almofada.- Manuel.
- Comelo con patacas fritidas.- Sara.
- Se te ris do medo, o medo foxe.- Paula.



Os alumnos e alumnas de 4ºB dámosvos estas receitas, poñédeas en práctica e... os medos desaparecerán para sempre!

Xogos Olímpicos de Inverno: Vancouver 2010



Os **Xogos Olímpicos**,¹ **Olimpiadas** ou **Olimpiadas**² son eventos [deportivos multidisciplinares](#) nos que participan atletas de todo o mundo.

Xurdiron na antiga [Grecia](#), adicados ao deus [Zeus](#). Existen dous tipos de Xogos Olímpicos: os [Xogos Olímpicos de Verán](#) e os [Xogos Olímpicos de Inverno](#), que se realizan cun intervalo, entre eles, de dous anos dende [1992](#). A organización encargada da realización dos mesmos é o [Comité Olímpico Internacional](#) (COI).



Skeleton



Bobsleigh

Os Xogos de Inverno naceron sen saber que o eran. Os de Verán de 1924 disputábanse en París e, simultaneamente, organizouse unha Semana do Deporte en Chamonix, con probas de xeo e neve. O éxito foi tan grande que, retroactivamente, a cita de Chamonix recibiu a denominación de Primeiros "Xogos Olímpicos de Inverno". Originalmente formaban parte do [evento de verán e celebrábanse no mesmo ano](#).



Patinaxe artístico



Saltos Esquí

Posteriormente, o COI decidiu desfazar a súa realización, a partires de [Lillehammer, 1994](#).

Os próximos [Xogos Olímpicos de Verán](#) celebraranse en [Londres, Inglaterra](#), no ano [2012](#), mentres que os [Xogos Olímpicos de Inverno](#) se celebrarán en [Sochi, Rusia](#), no [2014](#).



Snowboard



luge



Esquí alpino



Esquí de fondo



Curling



biatlón



Patinaxe de velocidade

Esquí estilo libre, hockey sobre xeo, combinada nórdica, patinaxe de velocidade en pista curta

Educación Física


O CAMIÑO DE SANTIAGO

CARLOS 5º A

Dende hai máis de 1200 anos, homes e mulleres de toda Europa e o resto do mundo viaxaron ata Santiago de Compostela para cumprir o ritual cristián de orar ante a tumba do Apóstolo Santiago. Os seus pasos foron forxando unha senda a través de todo o norte peninsular, dende os Pireneos ata os montes de Galicia, que co tempo alcanzou nome propio: o Camiño de Santiago. A ruta segue aberta e sinalizada hoxe en día e permite peregrinar a Compostela a pé, en bicicleta ou a cabalo practicamente igual que o fixeron os peregrinos medievais.

O descubrimento da tumba do Apóstolo Santiago prodúcese no ano 813. Un pastor chamado Pelayo, da remota Galicia cre ver un campo de estrelas sinalando un lugar no monte Libradón. Dá conta a Teodomiro, bispo de Iria Flavia, quen acode a inspeccionar o lugar. O que encontra é unha arca de mármore e no seu interior uns restos humanos. Teodomiro declara por revelación divina que aquela é a tumba do apóstolo Santiago e avisa ao rei astur Alfonso II o Casto, quen ordena levantar unha primeira igrexa de ladrillos de barro para protexer o lugar santo.

Santiago o Maior, fillo de Zabedeo, foi un dos 12 apóstolos que acompañaron a Xesucristo. Algunhas lendas din que estivo en España predicando a doutrina de Xesús. Morreu decapitado en Xerusalén, no ano 42, por orde de Herodes Agripa. Segundo a tradición, os seus discípulos roubaron o seu corpo e trasladárono nunha viaxe marítima de sete días de duración ata a desembocadura do río Ulla, a actual ría de Arousa, para cumprir co rito arraigado entre os apóstolos de ser enterrados onde predicaron. Despois de varios feitos milagrosos, que convenceron a raíña local Lupa, enterrárono no mesmo lugar onde sete séculos despois o descubriría Pelayo.



O Camiño de Santiago foi a ruta de peregrinación máis importante da Europa medieval e un dos feitos de maior importancia e beneficio para a historia de España.

Grazas ao Camiño de Santiago os illados e pequenos reinos hispánicos -enleados en guerras civís e contras Al-Andalus- puideron abrirse a Europa para dar e recibir dos pobos traspirenaicos unha gran riqueza cultural.

Cando falamos da Ruta Xacobeá hai que facelo dende diferentes planos: espiritual, social, xeográfico, económico, cultural, monumental... Dito doutro modo, No hai un só "Camiño".

A peregrinación a Santiago transformouse dende moi temperán no acontecer relixioso e cultural máis destacable e máis profundamente vivido da Idade Media, feito recoñecido recentemente polo Parlamento Europeo, que designou ao Camiño Primeiro Itinerario Cultural europeo, e pola UNESCO, que o declarou **Patrimonio da Humanidade**.

Galicia é un país habitado por homes e mulleres de carne e óso pero tamén por seres que bulen nun mundo fantástico ou encantado, pero tan real coma o outro.

AS MEIGAS

As meigas son mulleres adoradoras do díaño e que cos seus ritos poden facer maleficios.

Esta superstición obriga a unha serie de ritos moi especiais para escorrentar posibles perigos: gardar unha ferradura no fogar, tras a porta de entrada, ou levar consigo un dente de allo, una castaña pilonga ou varios obxectos que libren do mal de ollo ou outros feitizos.

A crenza nas Meigas é mito central do noso acervo supersticioso; elas representan para o pobo o mal e o pecado, o dañino e o prexudicial; todo o contrario á bondade e ó ben, feito polo cal se diferenzan das fadas, que significan o favorable e o adverso (dada a súa dobre condición de boas fadas e malas fadas).

O específico da identidade das Meigas é a vellez, acrecentada pola dureza, a crueldade e a vinganza, aínda que tamén ás veces son boas.

Polo xeral as xentes sinxelas as temen ou as rexeitan, pero tamén as buscan, cando con ensalmos acoden a elas para curar algunha dor ou para descubrir o porvir.

Tiñan as Meigas unha idea real, se ben fantástica, das facultades superiores das que se crían dotadas; e cando nun proceso se lle preguntou a unha delas se fora polo aire montada nunha vasoira, contestou: ¡ Iso por suposto, xa se sabe!

Métodos para protexerse das meigas


Levar no pescozo un colar de ramas de mórdago, allo ou cunchas.

Cravar sobre as portas das casas, morcegos, espunllos de galo, colas de lobo, ferraduras de cabalo.

Ter en casa terra bendita dos cemiterios, sal, tesoiras abertas ós pés da cama, ouriña de cabalo, cordas de aforcados.

Buscar garras de fera, patas de ave de presa, pedras furadas.

Posuír en forma de variñas, colgantes ou pectorais, anacos de azabache, ámbar e distintas pedras capaces de rexeitar os venenos i encantamentos.



SANDRA BLANCO 4ºA

CALDO DE CASTAÑAS


- 400 g de castañas.
- 1 man de grelos.
- 4 patacas.
- 300 g de chichos.
- 1 cebola moi picadiña.
- 1 dente de allo.
- 1 anaco de touciño (300 g)
- 1 orella de porco.
- 1 cullerada de pemento doce.
- aceite.
- sal.

PREPARACIÓN

A véspera ponse a remollo as fabas e a orella de porco para desalalas, en recipientes separados.

- Quítase a casca das castañas, dáse-lles un fervor nun pouco de auga, e elimínaselles tamén a pel fina.
- Ao día seguinte bótanse as fabas, as castañas, o touciño e a orella en auga fría cun pouco de sal, ata que quede todo cuberto.
- Cócese 1 hora e media aproximadamente, e á o metade de cocción engádense os grelos xa limpos. E en canto comece a estar tenros, as patacas.
- Pícase moi fino a cebola e o allo, e se sufrían todo nunha tixola cun pouco de aceite.

A carne de porco podese comer cunhas patacas cocidas, ou ben trochada e no mesmo prato do caldo. Este prato recordoume historias que me contaba a miña nai de cando era pequeniña. Os homes saían a traballar nos duros invernos que antes había en Galicia. As mulleres mentres atendían os seus labores, e aos seus fillos, preparaban o xantar para chegada a hora, levárllelo aos seus maridos ao traballo. A miña nai, ao quedar orfa de nai demasiado pronto, leváballo ao meu avó cando contaba só con 12 anos. E alá ía ela, atravesando o monte a cen para chegar a tempo de que o meu avó tivese o seu prato de comida quentiña e a tempo. Preparábano cedo para que se fose facendo con calma e sobre todo con mimo. E claro, nas maravillosas "lareiras" xa me contarás o bo que tiña que estar calquera prato. Creo que ata unha simple sopa tiña que estar boísima. Estas receitas, do mesmo xeito que outras, mantiñan o corpo quente, proporcionaban moita enerxía permitindo seguir co traballo durante todo o día, ata ben entrada a noite. En fin, ocorrúseme contalo, porque é importante recordar de cando en vez o dura que era a vida dos labregos naquel tempo atrás e aínda hoxe, pero non tanto



A MATANZA

Na miña matanza os porcos saíron da cuadra e tiveron que volver meter e saíron de novo e trataron de agarralos e case saíron por unhas escaleras que había ao lado. Ao final matáronos. Víctor 4ºA



ANIMALES EN PERIGO DE EXTINCIÓN.



Iria Rodríguez 6ªB


OS CELTAS



Os pobos habitaban as terras da Meseta e da costa Atlántica da Península. Dedicábanse principalmente á gandería e eran especialistas na fabricación de obxectos de metal. Os celtas mantiñan poucas relacións comerciais .

CULTURA DOS CASTROS

A denominada cultura dos castros, ou castrexa viviu o seu apoxeo durante a segunda etapa da idade do ferro en determinados territorios da península Ibérica. Esta imaxe mostra unha choza do castro de Santa Tecla.



Todos os poboados protexíanse tras fosos ou murallas concéntricas mellorando as condicións defensivas. Polo seu interior distribúense sen gran orde, as vivendas circulares, comunmente de pedra en seco e ás veces con vestibulos , así como algúns edificios singulares, alargados e con condutos de auga que deberon cumprir a función de saunas.

POR: VÍCTOR MANUEL MENDES RODRÍGUEZ 6ºB

DEZ CONSELLOS PARA CORRER

1.- Usa unha vestimenta adecuada.

2.- Elixe un sitio agradable, se é posible, con árbores, etc.

3.- Realiza exercicios previos de arequecemento.



 Atletismo. Carreira



 Atletismo. Triple salto

4.- Tómate as pulsacións antes de comezar, e corre moderadamente.

5.- Toma aire polo nariz e expúlsao pola boca.

6.- Corre relaxado, sen tensión no corpo.

7.- Logo dun tempo adecuado (de cinco a oito minutos), descansa e tómate as pulsacións. ¡Non debes pasar de 140 por minuto! Se tes máis, debes descansar durante un tempo.

8.- Despois, volve tomarche as pulsacións, e se baixaches a 120, podes volver empezar.

9.- A duración do teu esforzo non debe ser superior a 25 ó 30 minutos.



 Atletismo. Maratón

10.- Antes de finalizar debes realizar exercicios de flexibilidade, para volver á normalidade.

¡¡Xa acabaches!! ¡¡Podes ducharte!!

UN DÍA DE MARCHA POLO CAMPO

- ◆ Debes utilizar calzado cómodo (zapatillas de deporte, zapatos de marcha, botas lixeiras,...), que non che aperte nin te roce. Antes de saír de marcha, debes cortar as unllas dos pés, se as tes longas.

- ◆ Se vas realizar unha marcha longa, é mellor que te poñas dous pares de calcetíns no canto de un. É importantísimo que non se formen engurras ao andar. Así evitarás que che salgan bochas.



Así evitarás que che salgan bochas.

- ◆ Sempre que camiñes por unha estrada, faino polo lado esquerdo (así verás os coches que veñen de fronte) e en ringleira cos teus compañeiros.

◆ Se a marcha é moi longa, cansarás menos facendo pequenas paradas de 5 ou 10 minutos cada 30 ou 40 minutos.

- ◆ Unha marcha non é unha carreira. Cansarás menos se vas sempre ao mesmo ritmo e respiras axeitadamente.
- ◆ Se fai sol, é conveniente que camiñes por zonas sombreadas ou que leves gorra. Se che dá moito o sol na cabeza, podes coller unha insulación.
- ◆ Convén que leves froitos secos (cacahuetes, améndoas, avelás, pasas,...) para tomar nos descansos. Axudarante a repor a enerxía gastada.
- ◆ Se tes calor cando marchas, para e quita a roupa que non necesites. Cada vez que fagas un descanso, volve poñela para non quedar frío.

PARA PAIS E NAIS: NORMAS BÁSICAS DE SEGURIDADES



1º. É necesario saber sempre onde están os seus fillos. Se se produce un cambio de plans e xa non van estar onde decidiran nun primeiro momento, deben estar afeitos comunicarllo a vostedes.

2º. Deben intentar estar familiarizados cos amigos e actividades dos seus fillos. É importante ter os teléfonos dos pais dos amigos máis íntimos, e se é posible coñecelos persoalmente.

3º. Estean alerta cando un adulto dedique demasiado tempo ao seu fillo e lle faga agasallos caros ou sen unha razón aparente.

4º. Ensinen aos seus fillos a confiar nos seus propios sentimentos e ensínenlles a dicir NON cando eles crean que algo non está ben (Autoestima).

5º. Ensine aos seus fillos que ninguén debe tocarlos de ningún xeito que eles sintan incómodos. E se alguén o fai deben dicírllo aos seus pais inmediatamente.

6º. Manteñan unha actitude positiva ante os demais e especialmente ante as autoridades e a policía. Se non o fan transmitiranlle desconfianza e poida que non se atreva a confiar neles cando os necesite.

7º. Ofrezan a súa casa para os encontros dos seus fillos con outros amigos.

8º. Teñan coidado coas persoas que coidan aos seus fillos, independentemente da súa idade ou grao de parentesco. Observen o estado de ánimo dos seus fillos cando estas persoas vansen, ou a posible axitación e inquietude cando saben que van chegar.


9º. Os seus fillos deben saber onde localizarlles en cada momento. Deben levar os seus teléfonos.

10º. Recorden que os nenos que non teñen todas as súas necesidades cubertas son máis vulnerables á explotación e os abusos.


Chistes e pasatempos

.- RESOLVE O ENCRUCILLADO

- 1.- Chuvasco, chuvia abundante con vento forte.
- 2.- Vento que sopra moi forte.
- 3.- Deixar de chover e despexarse o ceo.
- 4.- Ruído que acompaña ao raios nunha tormenta.
- 5.- Chover miúdo.
- 6.- Soprar o vento.
- 7.- Luz intensa que acompaña aos tronos nunha tormenta.



Xa sabes como lles gusta o sol aos lagartos, pero este non é capaz de atopalo, cada vez que se mete no labirinto pérdese. Axúdao!





Chiste de Luis Rolando 6º b

Un camareiro estrañado porque un dos seus clientes habituais sempre bebe tres cervexas pregúntalle:

Porque sempre bebe tres cervexas?
 Porque teño dous irmáns que agora están en Suecia e en Paris e antes adoitabamos beber xuntos.
 Ah, ben, ben...
 Ao día seguinte, o señor so toma dúas cervexas:
 E logo, finou un dos teus irmáns.
 Non, é que eu, deixei a bebida.

Busca na sopa de letras os seguintes nomes



sudokus

6	4	3		2	
1				3	4
5					3
3					1
2				4	6
4	3	6	5	1	

3	5	2	1		
	6		2	5	
6	1	4	3		
		5		6	
		3	6		
1	4	6			2

1	3			5	
4	2			6	
6	1			4	2
		4	6	3	1
	4				
3		1	4	2	

2			1	3	
1	3		2	5	4
		1		2	
	5	2			
	2	4			1
6	1		5		2

		3	1		5
4			6		
1	4			2	
3		2	4	5	
2			5		
5	1	4		6	3

4					3
3	6		5	4	2
	4	5	1		6
	1		4		
			3		
1	3	6	2		4

HOMENAJEADOS

ADEUS!



Non nos esquezades!

BENVINDOS!

